

MARTES 19 E MÉRCORES 20 DE MAIO 2020

Tras ver onte o conto correspondente a esta unidade e o mural que teríamos na clase, hoxe toca comezar coas fichas do libro. Desta volta non faremos dúas follas por día senón unha sola e logo poderedes arrimarlle unha ficha de ampliación de lecto-escritura ou lóxica-matemática se o neno/a está disposto e animado/a. Aínda así seguirei incluíndo posibles actividades de ampliación para darvos máis opcións.

19 - 05 - 2020

FICHA Nº1: Analizamos a imaxe que vemos a folla.

- Que cres que está pintando o pintor?
- Porque cres que ten cara de sorpresa o pintor?
- Porque cres que escolleu esa paisaxe?
- Que che gustaría pintar a ti?
- Que son os nenúfares? (se non sabe o que son mostráremoslle unha foto no móbil ou no ordenador).
- Cantas flores de hai na imaxe?
- Que animais cres que hai nos estanques?

Levamos a cabo a ficha. Completaremos a imaxe cos adhesivos das cousas que hai nos estanques (colocarán as imaxes onde queiran).

No reverso da ficha. Pegaremos as pegatinas que sobran (as que non corresponden ao estanque) e escribiremos debaixo de cada unha o seu nome coa axuda do adulto (tiburón, cactus, flotador, barco).

AMPLIACIÓN: Podemos ver os seguintes vídeos que explican de xeito sinxelo o que é un estanque.

<https://www.youtube.com/watch?v=DPUumjJ1nLI>

<https://www.youtube.com/watch?v=h1nqQne2oSk> (sobre cadros de nenúfares de Monet)

<https://www.youtube.com/watch?v=crQ0dTTrvdo> (Sobre Monet para ir léndolle aos nenos/as).

AMPLIACIÓN: Agora que sabemos o que son os nenúfares podemos crear os nosos propios con plastilina.



AMPLIACIÓN: Crearemos o noso propio estanque. Pintaremos primeiro con acuarela nun folio (ou cartulina branca) o noso estanque.



Logo toca usar outras cores (como o branco, amarelo, e verde) usando a técnica do "puntillismo" que consiste en dar pequenos golpiños co pincel sobre o papel.



Logo colleremos dous moldes de magdalenas (ou os que se queira). Para facer a folla do nenúfar cortaremos un triángulo nun dos moldes. Noutro molde faremos os pétalos da flor do nenúfar facendo cortes ao redor.



Logo pegamos a folla do nenúfar ao folio e finalmente sobre a folla do nenúfar a flor da planta.



E finalmente escribiremos o nome do autor do cadro neste caso o nome do neno/a.



20 - 05 - 2020

FICHA Nº2: Toca reflexionar.

- As persoas poden construír un estanque?
- É o mar?
- Cres que viven os mesmos animais nun estanque que no río e no mar?
- Ti cres que unha ballena pode vivir nun estanque?

Toca ver as diferentes imaxes que aparecen na ficha nº2. Di que ven es cada imaxe. Colorea o marco da fotografía do estanque.

Reverso: Observa o cadro. Que animais ves no cadro? Escribe o seu nome onde teñas sitio na ficha

AMPLIACIÓN: O neno/a debuxa un pato grande nunha folla. Logo indicamos e escribimos (coa axuda do adulto) as partes do corpo do pato. (pico, ollos, patas, alas).

Busca nesta sopa de letra a palabra " PATO".

M	A	G	T	I	G	E	L	A
J	E	P	A	T	O	N	H	O
T	M	A	R	R	E	C	O	P
J	E	N	I	P	A	P	O	Ç
P	R	E	V	B	I	D	W	A
O	E	L	A	M	L	U	G	J
Ç	G	A	L	I	N	H	A	O
O	K	C	A	V	A	L	O	A



AMPLIACIÓN: Contamos os patos de xeito interactivo. (a páxina está en inglés) polo que nos serve para contar tanto en galego/castelá como tamén en inglés (dous en un 😊)

<http://www.sheppardsoftware.com/mathgames/earlymath/CountAnimals1to10.swf>

Ámbolos dous días podedes engadir unha ficha de lectoescritura a modo de exemplo poderían ser (pero escolledes vos):

